

O CONCELLO INFORMA

Convócase proceso de selección para cubrir 1 posto de operador de maquinaria municipal (maquinaria de movemento de terras, agrícola e forestal) e condutor de vehículos municipais (camión de obras, vehículos varios...) e servizos varios do Grupo V a xornada completa con contrato por circunstancias da produción, para os servizos de obras públicas, conservación de espazos públicos e brigada verde.

As tarefas a realizar, en cada caso, polo persoal seleccionado serán as seguintes:

- Operador de maquinaria municipal (maquinaria de movemento de terras, agrícola e forestal).
- Condutor de vehículos municipais (camión de obras, vehículos varios...).
- Acondicionamento e conservación de vías públicas (pavimentación e bacheo, colocación de badéns e bandas rugosas, construción de beirarrúas, rede de sumidoiros, tubaxe de pluviais, augas veciñais, de rego,...).
- Pequenas obras de ampliación de saneamento e abastecemento.
- Realización daquelas tarefas relacionadas cos servizos de obras públicas, conservación de espazos públicos e brigada verde que xurdan en cada momento.

As bases que rexerán o proceso de selección, mediante oferta na oficina de emprego correspondente, estarán publicadas na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do concello, a partir da publicación de anuncio no BOP da provincia de A Coruña.

Requisitos para acceder ao posto:

- Nacionalidade: Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do TREBEP, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- Idade: ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Titulación: estar en posesión do título de GRADUADO ESCOLAR ou equivalente.
- Capacidade: posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto de traballo (anexo II).
- Habilitación: Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público (anexo I).
- Posuír o título/ certificado acreditativo do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 2, equivalente ou superior. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento.
- Estar inscrito/a como demandante ou mellora de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.

As persoas aspirantes serán preseleccionadas pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, que remitirá lista provisional, previa oferta presentada polo Concello de Vedra.

As persoas preseleccionadas pola Oficina de Emprego presentarán instancia (anexo I) na que farán constar que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas bases acompañándoa da seguinte documentación:

- Copia simple do documento de identidade. (DNI, NIE, Pasaporte).
- Copia simple do título/ certificado acreditativo da titulación esixida.
- Copia simple do título/ certificado acreditativo do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 2.
- Copia simple da tarxeta de demandante ou mellora de emprego na oficina de emprego correspondente.
- Carné de conducir tipo B.

Máis información na oficina da técnica local de emprego do concello, en horario de oficina de 9.00 a 13.00 horas de luns a venres.

Vedra, na data de sinatura dixital que figura na marxe